

da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, publicaranse unicamente no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios deste concello.

Sarria, 6 de maio de 2009.

Claudio M. Garrido Martínez
Alcalde-presidente

Anuncio.

No BOP de Lugo nº 37, do 14 de febreiro de 2009, publícanse integramente as bases que rexerán o proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de oficial da policía local, do cadro de persoal funcionario deste concello, que se realizará polo sistema de concurso-oposición libre, por promoción interna.

Así mesmo, no BOP de Lugo nº 86, do 17 de abril de 2009, dáse publicidade á resolución da Alcaldía do 1 de abril de 2009 pola que se acorda convocar o proceso selectivo para a provisión en propiedade da dita praza.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, publicaranse unicamente no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios deste concello.

Sarria, 6 de maio de 2009.

Claudio M. Garrido Martínez
Alcalde-presidente

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Anuncio.

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión que tivo lugar o día 26 de febreiro de 2009, acordou aprobar definitivamente o estudo de detalle para reaxuste de aliñacións na rúa Xesteira, redactado polo arquitecto Leopoldo Ivorra Sáenz-Díez e promovido por Ricardo Otero Noya.

O que se fai público para xeral coñecemento, de conformidade co establecido no artigo 92.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro.

Vilagarcía de Arousa, 8 de abril de 2009.

Mª Dolores García Giménez
Alcaldesa

e) OUTROS ANUNCIOS

FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA

Resolución do 22 de abril de 2009 pola que se fai pública a adxudicación definitiva da contratación, polo procedemento aberto, do contrato de servizos de consultoría e asistencia técnica para o desenvolvemento dun sistema de xestión da produción na industria auxiliar do sector naval en Galicia mediante tecnoloxías de código aberto.

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a adxudicación definitiva do seguinte contrato:

1. Entidade adxudicadora: *Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.*

2. Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación:

Diario Oficial de la Unión Europea: 18 de novembro de 2008.

Diario Oficial de Galicia: 18 de novembro de 2008.

3. Tipo de contrato: servizos.

4. Obxecto: servizos de consultoría e asistencia técnica para o desenvolvemento dun sistema de xestión da produción na industria auxiliar do sector naval en Galicia mediante tecnoloxías de código aberto.

5. Tramitación: ordinaria.

6. Procedemento: aberto.

7. Orzamento de licitación: 560.000 €.

8. Data de adxudicación: 3 de abril de 2009.

9. Adxudicatario: *Igalia, S.L.*

10. Importe: 492.240 €.

11. Portal informático ou páxina web onde figuran as informacións relativas á convocatoria:

www.fundacioncalidade.org

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2009.

Xosé Luís Vilasante Carrera
Xerente da *Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia*